

ORIXES

Cinco fitos na evolución humana



1. O bipedismo (hai 4 millóns de anos)

Hai 6 millóns de anos, os cambios climáticos provocaron unha drástica redución das selvas húmidas. Os antropoides víronse obrigados a baixar ao chan, mudar de hábitat e desenvolver novas estratexias de supervivencia. Incorporarse sobre as patas posteriores permitiu dominar un horizonte máis lonxano e gañar resistencia para percorrer grandes distancias. O bipedismo comportou un sinfín de cambios que afectaron non só ao corpo, senón tamén ao comportamento cultural. As adaptacións físicas afectaron principalmente ás extremidades, a columna vertebral, a cadeira e o cerebro.

2. As ferramentas (hai 2,5 millóns de anos)

O primeiro representante do xénero humano (*Homo*) apareceu hai 2,5 millóns de anos. O que distingue a este primate dos anteriores é a súa capacidade para imaxinar ferramentas e fabricalas a partir de obxectos naturais.

3. O lume (hai 400.000 anos)

Hai 400.000 anos, o control do lume representou unha revolución nas comunidades primitivas. O lume permitiu cocer e conservar os alimentos, e deste xeito mellorar a dieta. A poboación aumentou proporcionalmente ao meirande número de alimentos. Ao calor do lume, os homes conquistaron novos territorios, sobreviviron a enfermidades e depredadores. As horas de luz ampliáronse sen límite e xurdiron novos costumes sociais.

LES ORIGINES

Cinq événements dans l'évolution humaine

1. La bipédie (il y a 4 millions d'ans)

Il y a 6 millions d'ans, les changements climatiques ont provoqué une radicale réduction des forêts humides. Les anthropoïdes sont obligés de descendre au sol, changer d'habitat et développer des nouvelles stratégies de survivance.

S'incorporer sur les pattes postérieures leur a permis de dominer un horizon un plus lointain et gagner résistance à l'objet de parcourir grandes distances.

La bipédie a comporté une infinité de changements qu'ont affecté pas seulement le corps, mais aussi le comportement culturel. Les adaptations physiques ont affecté principalement les extrémités, la colonne vertébrale, la hanche et le cerveau.

2. Les outils (il y a 2,5 millions d'ans)

Le premier représentant du genre humain (*Homo*) est apparu il y a 2,5 millions d'ans. Ce que distingue à ce primate des antérieurs est sa capacité pour imaginer des outils et les fabriquer à partir d'objets naturels.

3. Le feu (il y a 400.000 ans)

Il y a 400.000 ans, la maîtrise du feu a représenté une révolution dans les communautés primitives. Le feu a permis de cuire et conserver les nourritures, et de cette façon améliorer le régime. La population a augmenté proportionnellement au nombre de nourritures. À la chaleur du feu, les hommes ont conquis des nouveaux territoires, ils ont survécu à des maladies et des prédateurs. Les heures de lumière se sont élargies sans limite; des nouvelles habitudes sociales surgissent.

4. A autoconciencia (hai 120.000 anos)

Os enterramentos humanos infórmanos da aparición dun comportamento cultural. Por vez primeira, o home ten conciencia da súa propia existencia e sofre a anguria diante da morte. Nun primeiro momento, a acción de enterrar aos mortos tiña unha finalidade hixiénica: evitar que os corpos fosen devorados por outros animais ou que sufrisen as consecuencias da exposición ao ar libre. Os primeiros enterramentos, moi sinxelos, foron substituídos por rituais cada vez máis complexos. O morto era depositado con coidado na súa tumba, á beira de algúns obxectos que constituían o enxoval funerario. En algúns enterramentos téñense atopado restos de polen que indican a deposición de flores.

5. O símbolo (hai 35.000 anos)

A aparición da linguaxe simbólica reflicte a complexidade da mente humana e a súa capacidade de abstracción. A linguaxe, a arte e a civilización desenvolveranse a partir deste primeiro paso. As obras de arte primitivas tiñan unha función estética, mística e de cohesión social. Representaban unha experiencia compartida, que aportaba ao grupo unha simboloxía propia. As pinturas rupestres son as manifestacións artísticas máis abundantes e significativas. Aparecen sempre no interior das covas, en zonas escuras e a cotío profundas. As imaxes ocupan o teito e as paredes. Representan grandes herbívoros -bisontes, cervos, cabalos, rinocerontes-, acompañados de grandes carnívoros. Aínda que as figuras son abundantes non hai relación entre elas, non forman escenas. A figura humana non aparece nunca.

4. La conscience de soi (il y a 120.000 ans)

Les enterrements humains nous donnent avis de l'apparition d'un comportement culturel. Pour la première fois, l'homme a conscience de sa propre existence et il souffre l'angoisse devant la mort.

Au début, l'action d'enterrer les morts avait un but hygiénique: éviter que les corps soient dévorés par d'autres animaux ou éviter la souffrance des conséquences de l'exposé à plein air. Les premiers enterrements, très simples, ont été substitués par des rituels de plus en plus complexes. Le mort se déposait soigneusement dans sa tombe, à côté de quelques objets que constituaient le trousseau funéraire. Dans quelques enterrements on a détecté des restes de pollen qui indiquent la déposition de fleurs.

5. Le symbole (il y a 35.000 ans)

L'apparition du langage symbolique reflète la complexité de l'esprit humain et sa capacité d'abstraction. Le langage, l'art et la civilisation se développeront à partir de ce premier pas. Les oeuvres d'art primitives avaient une fonction esthétique, mystique et de cohésion sociale. Elles représentaient une expérience partagée, qui fournissent le groupe d'une vraie symbologie. Les peintures rupestres sont les manifestations artistiques plus abondantes et significatives. Elles se trouvent toujours à l'intérieur des grottes, en zones obscures et souvent profondes. Les images occupent le plafond et les murs. Elles représentent des grands herbivores -bisons, cerfs, chevaux, rhinocéros-, accompagnés de grands carnivores. Bien que les figures sont abondantes, il n'existe pas de rapport entre elles, elles ne forment pas des scènes. On ne représente jamais la figure humaine.

